

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 26 DE XANEIRO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día vinte e seis de xaneiro de dous mil seis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria.:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. APROBACION DA ACTA DA SESION ANTERIOR.-
2. ESCRITOS OFICIAIS.-
3. ESCRITOS VECIÑOS.-
4. APROBACION DO PADRON DE ABASTECIMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015.-
5. INICIO DO PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO DA FINCA RÚSTICA SITA EN PEDRASALGUEIRA- ANXERIZ .-
6. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.-MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA NOS ALUMEADOS DE ABELEIRA-CERCEDA E BALDAIO -TORDOIA.-
7. SOLICITUDE DE SUBVENCION A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA OBRA: ACONDICIONAMENTO DAS FACHADAS DA CASA DE CULTURA E INSTALACIÓN DE TELECOMUNICACION.-
8. SOLICITUDE DE SUBVENCION A CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A OBRA BEIRARRUAS NO ENTORNO DA IGREXA DE VILADOABADE E MELLORA DA ACCESIBILIDADE O CENTRO SOCIAL DE PIÑEIRO.-
9. APROBACION DE PARTE DE REVISION DE FOSAS SÉPTICAS.-
10. INFORMACION DA ALCALDÍA.-
11. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. APROBACION DA ACTA DA SESION ANTERIOR.-

É aprobada por unanimidade dos asistentes a acta nº 1/2016 que tivo lugar o 13 .01.20 16.

2. ESCRITOS OFICIAIS.-

- Dase conta do escrito recibido pola Fundación Amigos de Galicia nº rexistro de entrada 18 en relación a oferta de apoio psicolóxico, xurídico, laboral, e social a aquelas mulleres, así como menores ó seu cargo, que se detecte que esten ou poden estar en situación de precisar axuda nestes ámbitos.-

3. ESCRITOS VECIÑOS.-

- Recíbese escrito da empresa Codesal Servizos Forestais,S.L. Número de rexistro de entrada 21, con domicilio no lugar de Meixome, parroquia de Leobalde, solitando contenedores para o lixo orgánico,plástico e vidro situados preto da dirección da empresa.

Acordos adoptados:

Colocarlle ditos contenedores .

4. APROBACION DO PADRON DE ABASTECIMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015.-

Acordos adoptados:

Prestarlle a súa aprobación e que se faga a exposición pública do mesmo a través do tablón de edictos e publicación no Boletín Oficial da Provincia.-

5. INICIO DO PROCEDIMENTO DE ALLEAMENTO DA FINCA RÚSTICA SITA EN PEDRASALGUEIRA- ANXERIZ .-

Acordos adoptados:

Primeiro: iniciar o procedemento de alleamento da finca rústica sita en Pedrasalgueira, parroquia de Anxeriz, de titularidade municipal, e con referencia catastral XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX , cualificado como ben patrimonial e dado que o ben non está destinado ao uso ou servizo público nin ao aproveitamento común polos veciños, mediante adxudicación directa.

Segundo: que se redacte o correspondente prego de condicións que rexerá o contrato e o proceso de adxudicación.

Terceiro: da conta de todo o actuado ao Pleno para que resolva o que proceda

6. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.-MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS DE ABELEIRA-CERCEDA E BALDAIO -TORDOIA.-

Acordos adoptados:

1.- Aprobar o proxecto denominado MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS DE ABELEIRA EN CERCEDA E BALDAIO EN TORDOIA, por un importe de 55.987,63€.

2.- Solicitar unha subvención xunto co Concello de Cerceda, ao abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvención do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2016, para o proxecto denominado "mellara de eficiencia enerxética nos alumeados de Abeleira en Cerceda e Baldaio en Tordoia" con un orzamento total de 55.987,63€.

3.- O Concello de Tordoia, integrante da asociación, acepta expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na ord, así como o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.

4.- Que acordan nomear o alcalde do Concello de Cerceda como representante con poderes suficientes para cumprir con tódalas abrigas que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

5.- Que o concello de Tordoia remitiu antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, as contas correspondentes o exercicio 2014 ao Consello de Contas de Galicia.

6.- Que o concello de Tordoia posúe a plena dispoñibilidade sobre os terreos onde se pretende realizar a actuación.

7.- Dar contado seguinte acordono próximo pleno.

7. SOLICITUDE DE SUBVENCION A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA OBRA: ACONDICIONAMENTO DAS FACHADAS DA CASA DE CULTURA E INSTALACIÓN DE TELECOMUNICACION.-

Acordos adoptados:

1º.- Aprobar o proxecto denominado Acondicionamento das fachadas da Casa de Cultura e instalacións de telecomunicacións na Casa do Concello por un importe de 50.396,57€, e redactado pala arquitecta dona M.C.N.S., colexiada nº XXXX.

2º.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e / ou mellara de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014 -2020, para o proxecto denominado ACONDICIONAMENTO DAS FACHADAS DA CASA DE CULTURA E INSTALACIÓN DE TELECOMUNICACIÓN NA CASA DO CONCELLO por un importe de 41.650,06€ (IVA excluído), e aceptou expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.

3º.- Que con data 14.10.2015, este concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2014 ao Consello de Contas de Galicia.

4º.- que este concello posúe a titularidade e a plena dispoñibilidade ou unicamente a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretenden realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención.

5º.- Que os dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1, 11 e 111 do estado de ingresos do orzamento liquidado do concello de ano 2014 ascenden á cantidade de 708.317,97€.

6º.- Facultar ao señor alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos procedentes acordos.

7º. Dar conta no próximo pleno.

8. SOLICITUDE DE SUBVENCION A CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A OBRA BEIRARRUAS NO ENTORNO DA IGREXA DE VILADOABADE E MELLORA DA ACCESIBILIDADE O CENTRO SOCIAL DE PIÑEIRO.-

Acordos adoptados:

Aprobar os proxectos de Obras ou Servicios, denominados BEIRRRUAS NO ENTORNO DA IGREXA DE VILADOABADE, por un importe de 10.808,43€, realizado polo enxeñeiro de Camiños don J. C. R.M., nº de Colexiado XXXXXX e MELLORA DA ACCESIBILIDADE Ó CENTRO SOCIAL DE PIÑEIRO, por un importe de 6.398,92€, realizado polo enxeñeiro de Camiños don J. C. R.M., nº de Colexiado XXXXXX.

2. Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada Obra ou Servizo.

- Que según consta nos documentos e antecedentes obrantes nesta Intervención/ Secretaría ao meu cargo, resulta que en relación á subvención solicitada, existe financiamento suficiente para financiar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería.
- En relación ao cálculo da subvención da obra/servizo polo que se solicita a subvención, o salario a abonar aos traballadores é, en importe mensual o da seguinte táboa :

Nº Trab.	Grupo cotización	Posto	Salario bruto mensual	Prorrat a pagas extras	%SS	Seg. Social mensual	Total gasto mensual	Nº meses	Total gasto
1	D	Albanel	555,51	92,58	37,80%	244,98	893,07	6	5.358,41
1	D	Peón	404,01	67,34	37,80%	178,17	649,52	6	3.897,12
								Total	9.255,53

3.- Facultar ao señor alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos procedentes acordos.

4. Dar conta no próximo pleno.

9. APROBACION DE PARTE DE REVISION DE FOSAS SÉPTICAS.-

Acordos adoptados:

Aprobar a revisión da fosas sépticas de Anxeriz , Bardaos, Numide e Castenda.

10. INFORMACIONES DA ALCALDÍA.-

O señor alcalde informa do seguinte decreto: "Decreto:06/2016: SOLICITUDE DE SUBVENCIONS DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL"

11. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.